

MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E MEMORIA DEMOCRÁTICA

Subcomisión Paritaria

09/12/2025

O pasado 9 de decembro celebrouse a reunión da Subcomisión Paritaria dependente da Comisión Paritaria do IV CUAGE no Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática. Para a CIG, esta reunión volveu evidenciar que estes órganos están a funcionar como un mero trámite formal para dar cobertura a decisións previamente adoptadas pola Administración.

1. Aprobación das actas anteriores

A aprobación por unanimidade das actas das reunións do 11 de novembro.

2. Información sobre modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT)

A Administración limitouse a informar sobre modificacións da RPT en Servizos Centrais e Periféricos, derivadas de acordos previos. A documentación presentada evidenciou erros relevantes, como a exclusión de determinadas especialidades profesionais, o que demostra falta de rigor e planificación.

3. Proposta de permuta entre persoal das Delegacións/Subdelegacións e o Parque Móbil do Estado

A Subcomisión informou favorablemente tras a lectura dos informes preceptivos.

4. Contratación temporal en servizos periféricos

A información achegada sobre contratacións temporais nas Subdelegacións de Málaga e Huelva. A CIG non se pronuncia ao non ser ámbito galego.

5. Criterios de asignación do complemento RCT

Neste punto quedou patente o modelo de “diálogo social” que se pretende impor: fronte á falta dun debate real sobre os criterios de asignación dos complementos, algúns sindicatos optan por felicitarse pola aceptación parcial de achegas, mentres a Administración mantén intacto un sistema discrecional e opaco que xera desigualdades entre traballadores e traballadoras.

6. Estado dos procesos selectivos das OEP 2021 e 2022

A información sobre os procesos selectivos confirmou atrasos, problemas de cobertura das prazas e un elevado número de renuncias. Esta situación é consecuencia directa das malas condicións laborais, da mobilidade forzosa e da perda continuada de poder adquisitivo, aspectos que a Administración segue negándose a abordar.

7. Contestación a reclamación sobre inclusión de prazas do grupo E0

A parte social foi simplemente informada da resposta dada pola Administración, sen que exista un debate real sobre os criterios aplicados nin garantías de igualdade de trato para o persoal afectado.